

PLAN LIA

**VI CONCURSO DE
TRABALLOS POR
PROXECTOS**



CURSO 2018-2019

CEIP PLURILINGÜE DE PALMEIRA



ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN	2
1.1 Xustificación	2
1.2. Calendario de realización	2
1.3. Alumnado e profesorado participante	2
1.4. Organización	3
1.5. Referencia aos contidos curriculares e ás competencias básicas	3-6
2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.	6
3. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA	7
4. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO	7-14
5. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.	14
6. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.	14
7. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA	14-15
8. AVALIACIÓN E PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.	15
9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO	15



1. INTRODUCCIÓN

1.1 Xustificación

O colexio CEIPP de Palmeira está situado na parroquia de Palmeira (Ribeira) unha das nove que conforman o concello de Ribeira que é un dos portos pesqueiros de baixura máis relevantes da provincia e mesmo de Europa. Tendo esta realidade presente no concello e sabendo que gran parte do ingresos económicos das familias están relacionados co mar, consideramos oportuno traballar o tema das embarcacións como proxecto dende a nosa biblioteca.

Este medio de transporte é habitual nun pobo de costa e poder coñecelo de primeira man resultou moi motivador e atraínte para o alumnado do colexio, xa que, unha meirande parte deles os seus proxenitores traballan nun barco desenvolvendo diferentes tarefas.

1.2. Calendario de realización

O PDI comezou en setembro coa planificación e organización por parte do equipo de biblioteca e coa participación de tódolos equipos do centro (TIC's, Dinamización da lingua Galega e Medio Ambiente), co total do profesorado e unha intensa e continua colaboración das familias do alumnado, da ANPA do colexio, de asociacións culturais, centro de ensino superior (Escola Náutica Pesqueira) e o Centro de Salvamento Marítimo. Levouse a cabo durante todo o curso.

1.3. Alumnado e profesorado participante

Este proxecto realizouse grazas a implicación de todo o profesorado (29 Mestres/as) e todo o alumnado (304 entre Infantil e Primaria). O alumnado amosouse continuamente moi activo e motivado.



1.4. Organización

O Equipo de biblioteca propuxo a principio de curso o tema a tratar e as liñas de actuación a seguir que foron aprobadas no claustro inicial. Cada unha das tarefas programadas que coordinou, temporalizou e organizou o equipo de biblioteca ofrecía un dossier nas reunións semanais para o profesorado no que informaba detalladamente sobre as mesmas. O equipo de EDLG colaborou no proxecto coa elaboración dos calendarios, na revista escolar e na aportación de diverso material para a dinamización da lingua. O equipo de TIC's colaborou na montaxe de vídeos, presentacións dixitais, audios,.. e na divulgación a través da televisión permanentemente acesa na entrada do colexio e na exposición de traballos na páxina de [Tixosa Filmes](#) (produtora do colexio). O Equipo de Medio Ambiente aportou propostas de traballo para a exposición de barcos realizados con material atopado na limpeza das praias. Non hai que esquecerse da continua colaboración das familias dende o primeiro día na ambientación da biblioteca no inicio de curso, con conferencias de distintos pais que explicaban o seu traballo no barco e coa asociación da ANPA que organizou a finais de curso unha saída en barco a illa de San Simón.

1.5. Referencia aos contidos curriculares e ás competencias clave.

Dende o primeiro momento quixemos que a visión interdisciplinaria estivera presente no deseño de tarefas e na situación de aprendizaxe para que favorecera a aplicación dos coñecementos que o alumnado fora adquirindo. Por iso incluíuse elementos curriculares das distintas áreas para que lle dera ese carácter interdisciplinario nas tarefas que íamos levar a cabo.



PLAN LIA: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

O obxectivo principal foi o de coñecer as embarcacións, como medio de traballo de moitos proxenitores, de recreo e transporte. Os obxectivos que quixemos conseguir foron:

- Coñecer as partes dun barco e descubrir como se constrúe un barco.
- Averiguar as profesións dos operarios dunha embarcación e relacionar a función que desempeña co traballo que realiza cada persoa.
- Investigar as distintas embarcacións que existen.
- Indagar sobre por que flota un barco e entender a actuación dos materiais na auga, coñecendo así o Principio de Arquímedes.
- Analizar o longo da historia os comezos das primeiras embarcacións ata o día de hoxe.
- Difundir oralmente ([na radio Lombiña](#)) e por escrito ([na revista Tixosa](#)) algúns dos descubrimentos realizados nas investigacións.
- Fomentar a lectura e consulta de diferentes textos e soportes.
- Producir textos e lecturas comprensivas a través de distintos soportes: murais, exposicións,...
- Localizar e utilizar a información obtida de distintas fontes e soportes.

O PDI levouse a cabo integrando todas as competencias clave nas actividades e tarefas que se propuxeron. O enfoque metodolóxico foi inclusivo, activo e participativo, dirixido ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Intentouse que as tarefas e actividades plantexadas estiveran relacionadas co contexto real que se percibe nun pobo mariñeiro para o coñecemento dos contidos máis relevantes do proxecto.

- **Comunicación Lingüística (CCL):** fomentouse a mellora da expresión oral e escrita a través dos diferentes traballos (exposicións orais, lectura de imaxes nun cadro,



elaboración de murais, síntese da información,..) Sen esquecermos do emprego da radio (Radio Lombiña) como un novo medio de comunicación oral que comezamos a traballar neste curso e a continuidade da revista Tixosa publicada anualmente cos traballos do alumnado.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):**

Tivemos a oportunidade de traballar matemáticas de xeito práctico: medidas das embarcacións, número de tripulantes, distintas formas dos barcos, coñecemento e comprensión dos adiantos na navegación que aprenderon nas saídas organizadas (no Observatorio de Salvamento Marítimo, na Escola Náutica Pesqueira), na información aportada polas familias nas conferencias de pais sobre as artes de pesca empregadas no seu traballo e nos procesos de planificación e comunicación dos resultados das investigacións realizadas.

- **Competencia dixital (CD):** Foi fundamental o emprego das TIC's para a busca de

información, seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese e aportación aos traballos. A conexión das TIC's foi primordial neste curso como novidade no comezo do uso da radio como un novo medio de transmisión de información.

- **Aprender a aprender (CAA):** Esta competencia é cultivada constantemente na

formulación do traballo por proxectos, fomentando que sexa o/a alumno/a protagonista da súa aprendizaxe obrigando a elaborar distintas estratexias para levar a cabo as tarefas programadas, na planificación das mesmas e tamén na avaliación do resultado de todo o proceso.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** As propostas fomentaron a colaboración e

cooperación no traballo conxunto, contribuíndo á mellora das habilidades sociais do noso



PLAN LIA: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

alumnado. A participación activa e construtiva da comunidade educativa axudou a capacidade de relacionarse coas persoas dunha maneira cordial e democrática. Aprendéronse prácticas baseadas no pensamento crítico, persoal e creativo, fundamental para crear persoas únicas e libres.

- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** Nesta competencia cabe destacar a autonomía e esforzo do alumnado á hora de abordar as diferentes tarefas. Sorprendeunos en ocasións a iniciativa e responsabilidade nas actividades e iso reflectiuse na exposición dos traballos orais, sobre todo cando o facían na radio. Impresionou tamén o interese e atención co que alumnado preguntaba nas visitas organizadas como nas conferencias dos pais por saciar as dúbidas que tiñan.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** Na planificación da tarefa do Día das Artes Plásticas adicada este ano a Seoane tratouse de mellorar a capacidade do alumnado por apreciar a importancia da expresión a través da lámina “As mariscadoras”, desenrolando a iniciativa, a imaxinación e a creatividade no traballo que fixeron, empregando diferentes técnicas no deseño e valorando sempre o interese, aprecio, respecto e valoración críticas das obras artísticas realizadas. O coñecemento das embarcacións propias da nosa terra foi un descubrimento para moitos dos rapaces do colexio. Así como tamén as manifestacións culturais e tradicionais relacionadas co proxecto como é popular Festa da Dorna (festa recoñecida de Interese Turístico de Galicia) .

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

A biblioteca é sempre o punto de partida dos proxectos do centro sendo a mascota Agapito quen presenta a comunidade escolar a idea fundamental. Na inauguración en outubro e



PLAN LIA: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

apertura da biblioteca, o Día das Bibliotecas Escolares, con Agapito cun traxe de augas invita a adiviñar a temática deste curso. A partir de aquí vaise construíndo con achegas de toda a Comunidade Educativa.

3. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA .

No último claustro do curso 2017-18 decídese a temática do proxecto para o curso 18-19 que por unanimidade é elixido as embarcacións. Comézase a escoller os contidos a traballar, a deseñar as tarefas e secuenciar por trimestres. En setembro o equipo de biblioteca presenta ao profesorado nas reunións semanais a selección de recursos, a exposición permanente de fondos documentais da biblioteca e na intranet, documentos e páxinas web que nos aportan información sobre o mesmo.

Unha vez presentado o proxecto, en outubro, deséñase a liña de traballo a seguir en coordinación cos demais equipos do centro e, comezando coa ambientación da biblioteca. As titorías colaboran na elaboración dun calendario de imaxes de embarcacións con diferentes técnicas plásticas. No segundo trimestre , charlas- conferencias de persoeiros relacionados co tema e desenvolvemento de traballos de información sobre as embarcacións elixidas no calendario. No terceiro trimestre elaboración de diferentes tarefas de investigación e exposición das mesmas.

4. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO D O PROXECTO

POLO ALUMNADO.

Dende comezos do mes de setembro o equipo de biblioteca réunese para centrar o traballo a realizar neste curso escolar. Acórdase que sexa o tema dos barcos o eixe central do proxecto



que levará por título “**Navegando pola biblio**”. A colaboración e participación das familias foi continua participando dende o primeiro momento. Ademais organizáronse moitas propostas que a continuación se explican.

1º TRIMESTRE

- En colaboración co **Equipo de Medio Ambiente** que neste curso se centrou no coidado das praias, apadriñando a praia da Corna, propúxose facer unha exposición de embarcacións feitas con material de refugallo.
- Contamos tamén coa colaboración das familias para a ambientación da biblioteca coa aportación de debuxos , fotografías, imaxes e maquetas de diferentes embarcacións.
- Ideouse elaborar as imaxes para o calendario escolar. Nesta ocasión cada aula elixiu unha embarcación e preparou a través de diferentes artes plásticas un debuxo que representara o barco elixido. Así pois houbo as seguintes: *3 anos A: Canoa; 3 anos B: Un barco Bateiro; 4 anos: Barco de GreenPeace: Rainbow Warrior; 5 anos: Un barco cruceiro; Aula mixta 4-5 anos: Catamarán; 1º A: Galera; 1º B: Portaavións; 2ºA: Tarrafa; 2º B: Traíña; 3ºA: Nao; 3ºB: Fragata; 4ºA: Goleta; 4ºB: Corbeta; 5ºA: Galeón; 5ºB: Navío; 6ºA: A Carabela; 6ºB: A Dorna.*

2º TRIMESTRE:

- **Documentación escrita das embarcacións**: Cada aula buscou información sobre a súa embarcación empregando diferentes soportes.. A información baseouse nas características físicas do barco (dimensións, número de persoal no mesmo, se é de motor , vela, cantas persoas caben nel , camarotes, velas,...), da utilidade ou uso do mesmo,



PLAN LIA: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

relación da proxección do barco ao longo da historia,... Con todos estes datos elaborouse un libro de consulta.

- **Traballo dos Piratas**: O Equipo de Educación Infantil fixo unha ampla investigación sobre os piratas (barco, utensilios, planos tesouro, vestimenta,)

- **Día da Paz**: Actividade colectiva na que se fixo un mural do barco OPEN ARMS estampando mans simulando o mar polo que navega o barco. Este mural levou por título : “Abrindo as mans cara un mundo mellor”. Ademais un colaborador do barco OPEN ARMS chamado “Rubén Lijó Santos” explicounos con detalle en que consiste a labor que levan a cabo no Mediterráneo para salvar a vida de tantas persoas que intentan chegar as costas de Europa.

- **Entroido mariño**: En colaboración co EDLG elaboráronse unhas premisas para que durante a semana previa a celebración do entroido todos tiñamos que traer algo relacionado co mar (gafas de buceo, bañador, toalla de praia e gorro de baño),cada día unha cousa segundo se foi publicando nos taboleiros da entrada ao colexio o día anterior cunha rima divertida. Aproveitando o tema da biblioteca neste entroido fomos disfrazados de profesións relacionadas co barco e o mar (Infantil : Piratas; 1º: mariñeiros/as; 2º: mariscadores/as; 3º: redeiros/as; 4º: pesca deportiva;5º: mergulladores/as; 6º: Gondoleiros/a). Tamén se fixo un pasarrúas por Palmeira o venres 1 de marzo rematando cunha merenda de produtos típicos de entroido aportadas polas familias..



PLAN LIA: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

- **Día da muller traballadora:** Tivemos a visita de Gloria Lijó Cacharrón, unha muller que destacou pola súa labor a bordo de barcos mercantes e de pesca, sendo unha das primeiras mulleres que traballaron nos barcos nos anos 70.
- **Día das Artes Galegas:** Nas aulas por titorías falouse e explicouse a figura de Luis Seoane e a súa obra. Logo tamén fíxose unha exposición da lámina de Luis Seoane “AS MARISCADORAS” exaltando a figura da Muller Traballadora. Esta exposición foi elaborada coa aportación de debuxos realizados con diferentes técnicas.

3º TRIMESTRE

Proposta de tarefas para os diferentes niveis.

- **INFANTIL:** A partir de poemas do libro de Antonio García Teijeiro, “Poemar o mar” realizaron diferentes creacións artísticas. O alumnado investigou sobre a flotación e fixeron experimentos relacionados co mesmo, indagaron sobre os piratas elaborando contos, cartafoles e vídeos alusivos ao tema. Incluso nas orlas de final de etapa viuse reflectido o tema das embarcacións.
- **1º PRIMARIA:** Realizaron un dicionario mariñeiro no que con debuxos e descricións co que elaboraron un dossier e un vídeo documental.
- **2º PRIMARIA:** Fixeron un dossier recollendo adiviñas .
- **3º PRIMARIA:** Elaboraron un dossier e vídeo no que se documentaba as partes dun barco.
- **4º PRIMARIA:** A través de esquemas e debuxos elaboración un traballo e video sobre as diferentes profesións no barco.



PLAN LIA: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

- **5º PRIMARIA:** Fixeron unha investigación sobre os naufraxios na costa galega.

- **6º PRIMARIA:** Levaron a cabo diversas actividades relacionadas co proxecto.
 - Investigaron sobre a orixe do barco o longo da historia , abordando todos as etapas e tendo en conta os adiantos tecnolóxicos que houbo.

 - Indagaron no coñecemento de viaxes en barco. Sobre todo centrándose na viaxes de Cristobal Colon , analizando a nivel xeográfico, situándoo no contexto histórico, coñecendo a importancia destas viaxes naquela época,....

 - Averiguaron sobre o coñecemento e funcionamento dun porto.

 - Profundizaron na historia de Arquímedes e os seus descubrimentos.

En cada un dos traballos realizados buscábase que adaptasen o tema en sí as súas inquiredanzas, producindo un documento final onde se recollesen as investigación para compartilas co resto do alumando. Con todos os traballos documentais realizados montouse unha exposición nos corredores do centro, visitada por cada titoría , compartindo o saber recollido e aprendendo todos de todos.

A mascota da biblioteca, Agapito, foi o protagonista dun conto elaborado polo coordinador do EDLG (Eliseo Ferreño Cao) o cal se aproveitou para a elaboración da curtametraxe “Agapito vai de viaxe” que se proxectou a final de curso. Esta curta foi divulgada dende a plataforma Tixosa Filmes do noso centro.



PLAN LIA: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

Cabe destacar a participación das familias espectacular e xenerosa que enriqueceu e completou o traballo das aulas, unha colaboración que sempre nos gusta manter e que valoramos moi positivamente. Algunhas das achegas foron:

- Na primeira exposición a principio de curso construíndo cos seus fillos embarcacións feitas con material de refugallo.
- Con debuxos feitos na casa cos seus fillos, en acuarelas, rotuladores, cores,....
- Traendo moitos barcos de distintos materiais para a ambientación na biblioteca.
- Con imaxes, pósters e grandes paneis de moitos modelos de barcos, algúns deles de familiares, outros de barcos coñecidos.
- Con grandes láminas explicativas das distintas dependencias nun barco.

Tamén a través da asociación cultural “Real e Ilustre Cofradía da Dorna” colaborouse no centro na elaboración de dornas que por medio dunha plantilla de madeira se decorou . Estas producións quedan expostas en distintas entidades do concello para ensalzar a festa (24 de xullo) . Para a decoración acordouse adornar a dorna con diferentes técnicas imitando artistas como Kandisky, Paul Klee, Calder, Romero Britto e Mondrian...

- **Excursións e Saídas do 3º Trimestre**

As saídas deste curso escolar baseáronse principalmente no proxecto e algunhas das excursións que se fixeron foron:

- Saída ao Observatorio de Salvamento Marítimo, Monte Enxa: Grupos de 3º,4º e 6º EP e visita ao asteleiro de Aguiño o 7 de maio.



PLAN LIA: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

- Excursión en Catamarán ao Grove. Foi Educación Infantil o 14 de maio.
- Visita a Escola Náutica Pesqueira o día 21 de maio foi 1º, o 23 maio infantil e en xuño, 6º.
- Visita ao Porto de Palmeira para coñecer as embarcacións propias do seu entorno.
- Excursión a Cambados día 3 de xuño a marisquear a pé. 1º e 2º de primaria.
- Excursión en barco a Illa de San Simón a través da ANPA a finais de curso.
- **Participación da aula de plástica:** A través da aula de plástica por medio do seu proxecto anual “Art Power” colabora con diferentes propostas do colexio tentando involucrar a todos os equipos. En concreto en relación coa biblioteca participou con diferentes traballos como son:
 - Ancora e Cola de Peixe feita con fíos e puntas (String Art) co alumnado de 3º a 6º.
 - Barcos con material de refugallo como recipientes de cartón para os ovos e vela feita de goma eva seguindo un patrón.
 - Cadros en plastilina de diferentes paisaxes mariñas.
 - Lenzos con debuxos relacionados co mar.
 - Traballo con materiais de reciclaxe recollidos na praia co obxecto de concienciar da súa limpeza.
 - Giacometti Sculptures, a través do reciclado de plastilina co fin de imitar esculturas férricas reflectindo algún traballo do mar.



PLAN LIA: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

- **Participación da aula de música:** Colaborou continuamente con aportacións de diferentes estilos musicais na elaboración dos vídeos feitos e nas producións de radio.
- **Participación das Aulas de inglés:** Realizáronse diferentes cartelerías en Lingua inglesa así como [entrevistas](#) a través da Radio Lombiña.

5. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.

Ao longo de todo o curso houbo unha exposición de carácter permanente na biblioteca con todos os fondos documentais sobre o proxecto, no que se aportou parte do asignación anual do centro para conseguilo. Co emprego dos ordenadores e pescuda de páxinas web axudou a ampliar parte da información útil para levar a cabo os traballos.

Como anexo, achegamos vínculo para consultar os recursos empregados:

<https://ceippdepalmeira.org/artesa/index.php/s/xUCUXcTfk7SPhjA>

6. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

O Claustro na súa totalidade apoiou ás diferentes propostas do Equipo de Biblioteca para levar a cabo este PDI. Polo tanto, houbo unha implicación do 100%. Dende un principio a implicación das familias foi moi alto durante todo o proceso, incluso organizou unha excursión en barco a final de curso.

7. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA .

Para a difusión do proxecto empregáronse varias liñas de actuación:

- Por un lado no colexio coa proxección diaria e continua de traballos, exposicións, presentacións dixitais, imaxes, textos, cancións ,... no televisor da entrada do colexio .



- Emitindo na radio do cole (Radio Lombiña) entrevistas, contos e actividades feitas.
- Na revista Tixosa coa exposición de traballos realizados.
- Na prensa cunha reportaxe de tarefas do proxecto.

8. AVALIACIÓN E PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

Un dos procedementos máis empregados para a avaliación do PDI foron as reunións semanais co profesorado. Nelas acordábase a marcha do proceso de investigación, a conveniencia das actividades propostas, o interese amosado polo alumnado,....Tamén se aproveitou para comentar e rectificar se fora preciso ou non as tarefas organizadas.

En xeral a valoración do proxecto é positiva, pois analizando a participación da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias) pódese confirmar que foi un éxito.

9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO.

A biblioteca é o centro neurálxico para a realización deste proxecto. Dende comezos de curso nas reunións titoriais cos pais infórmase as familias a continuidade no PLAMBLE e guía de traballo que dende a biblioteca se marca para levar a cabo o proxecto decidido.

Ao longo dos trimestres deséñanse as tarefas a realizar co consenso de todo o profesorado e infórmase de toda a documentación seleccionada para facilitar a pescuda de información. Organízanse charlas-conferencias, visitas e excursións que por titorías decídense o xeito de participación. Difúndese na Radio Lombiña, na Revista Tixosa e na prensa os traballos realizados.



Palmeira a 1 de xullo de 2019.

Asdo. Noelia Rebollido Fernández

Directora do CEIPP de Palmeira